

A poesía visual pode e debe xogar un papel preponderante na nosa sociedade moderna; e é que algunhas das súas características como a instigación ao debate, á reflexión ou a súa capacidade para emocionar, son básicas para comprender o mundo no que nos tocou vivir.

En *Vieiros*, as mulleres de EVD Galicia, coas súas obras, dannos sabias leccións dunha esperanza vital desmesurada, unhas obras que palpitan xunto ás dunha magnífica selección de creadores e poetas visuais.

Antonio Ledesma López  
*Director do Centro de Poesía Visual  
de Peñarroya-Pueblonuevo (Córdoba)*



Horario de visitas:  
De luns a sábado de 16:00 a 20:00

Camiño da Rúa, 1 | Santa Eulalia, 36415 Mos  
+34 986 34 80 01




# Vieiros

## Exposición colectiva e inclusiva de poesía visual

**DO 8 DE XUÑO AO 10 DE XULLO**

Expoñen mulleres do Centro EVD Galicia de Mos xunto a unha selección de poetas visuais invitados



**REAPERTURA**

*Sala de exposicións do Pazo de Mos*



CONCELLO DE  
**MOS**

# A EXPOSICIÓN

*Vieiros* trátase dunha mostra colectiva e inclusiva de poesía visual que reúne as obras dun grupo de dez mulleres con discapacidade intelectual do Centro EVD Galicia de Mos xunto ás de seis creadores de dilatada traxectoria artística como son Paco Vila Guillén, Marcos Mesa, Mikel Jáuregui, David Fernández Rivera, Franklin Fernández e Alfonso Aguado Ortuño.

O conxunto de poemas visuais creados polas mulleres de EVD Galicia que participan na mostra son froito dos obradoiros de poesía visual que impartiu o poeta e dramaturgo David Fernández Rivera, impulsor e director desta iniciativa, no verán do 2019 nas instalacións do Centro.

Con esta exposición preténdese reivindicar, non só a necesidade da poesía visual nesta sociedade, independentemente das características ou circunstancias das persoas que a creen, senón tamén a necesidade da inclusión como pilar básico dunha sociedade máis xusta e humana.

# AUTORES

Eva Álvarez

Alfonso Aguado Ortuño

Soledad Barros Conde

Ana Rosa Copero

Carmen Cebrián

Laura Estela

Franklin Fernández

David Fernández Rivera

Cris Gómez

Mikel Jáuregui

Clara Mayans

Marcos Mesa

Sandra Paz

Angelines Piñeiro

Paula Rodríguez

Paco Vila Guillén



Director da exposición e tallerista dos obradoiros:  
David Fernández Rivera

Persoa de apoio do Centro Ocupacional:  
María José Pérez Rodríguez

Producción executiva: María A. Couñago

